

COMISIÓNS DE SERVIZO POR CONCILIACIÓN

QUEN PODE SOLICITAR COMISIÓNS DE CONCILIA?

Todo o persoal docente **dependente da Consellaría de Educación** en activo ou en excedencia por coidado de familiares ou violencia de xénero.

COMO SE SOLICITAN E ADXUDICAN?

- A petición de comisións faise mediante a aplicación informática de **CADP** e ten que presentarse obrigatoriamente na sede **electrónica**.
- Dobre instancia:** o persoal docente que ten a obriga de participar na petición ordinaria de destinos provisionais (profesorado suprimido ou desprazado en expectativa, en prácticas, persoas aprobadas e persoal interino) terá que facer **dúas solicitudes: a de comisión de conciliación e a ordinaria (CADP)**. No caso de que non se obteña destino por conciliación (por non existir vacante nas prazas que se piden) adxudicárase destino pola solicitude ordinaria.

Os diferentes **colectivos** teñen a seguinte ordenación de cara a adxudicación de destinos:

- persoal funcionario de carreira, en expectativa e en prácticas
- persoal opositor que supere o proceso selectivo e vaia estar en prácticas no curso seguinte
- persoal interino

Dentro de cada colectivo a prioridade na adxudicación ven determinada polo número de fillos e fillas (Tipos III, II e I) e dentro destes grupos polos seguintes criterios:

- por ser un único proxenitor ou proxenitora
- pola antigüidade como persoal funcionario no corpo, a antigüidade no centro e a puntuación no concurso-oposición.

PRAZO PREVISTO:
do 24 de maio ao 6 de xuño*

QUE REQUISITOS DE IDADE DEBEN TER OS FILLOS E FILLAS?

- TIPO I: **Unha** filla ou fillo menor de 4 anos ou de 8 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora.
- TIPO II: **Dúas** fillas ou fillos menores de 6 anos ou de 10 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora. **Unha** filla ou fillo menor de 6 anos se ten recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- TIPO III: **Tres** ou máis fillas ou fillos menores de 12 anos ou de 16 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora. **Dúas** fillas ou fillos menores de 12 anos se un deles ten recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

A idade dos fillos ou fillas compútase o **31 de decembro do ano inmediatamente anterior** a aquel no que se efectúa a solicitude.

Poderase pedir comisión nos casos de **embarazo** a termos con anterioridade ao mes de **marzo** do ano seguinte ao da solicitude.

Nas **adopcións ou acollementos** a idade cóntase desde a resolución xudicial ou administrativa.

OUTROS REQUISITOS

- Ter o centro de destino a **60Km** ou máis da **residencia** só no caso de profesorado con destino **definitivo**. Este requisito non se exige a quen preste servizos en EEI, CEIP, CRA, CEE e CPI con xornada partida.
- Hai que solicitar en primeiro lugar o centro ou centros da localidade ou localidades que se atopen nun **radio de 20 Km da residencia**.
- Centros de petición **voluntaria**:
 - Non é obrigatorio** solicitar dentro do radio dos 20 Km os centros penitenciarios, as EPAPU, os centros ordinarios que imparten ensinanzas de adultos e calquera centro que imparta ensinanzas en xornada partida.
 - Poden solicitarse** tamén prazas noutros centros e localidades, sendo preceptivo priorizar aquelas situadas nun radio de 20 Km da localidade de residencia.
- Participar no Concurso de Traslados** e solicitar a localidade ou localidades en que se solicita comisión de servizos.
- Só un dos cónxuxes poderá solicitar comisión, agás no caso de **custodias compartidas** por sentenza xudicial no que ambos proxenitores poderán solicitar a comisión.

PRAZO DE SOLICITUDE

- O prazo ordinario de solicitude é nos **10 días hábiles** (sen contar sábados nin domingos) contados a partir do día seguinte á publicación no DOG da resolución do **CXT**.
- Se o CXT é de ámbito estatal o prazo dos 10 días hábiles contarase desde a publicación no DOG do último concurso.



- Se algún ano non hai concurso de traslados o prazo para solicitar esta modalidade de comisións será do 15 ao 30 de abril.
- O persoal que supere o **proceso selectivo** terá un prazo de **2 días hábiles** desde a publicación da relación de persoas aprobadas polo tribunal correspondente.

DOCUMENTACIÓN

(Só se presenta a primeira vez e cando se produzan cambios).

- Informe médico coa data probábel de parto cando exista embarazo a termo final con anterioridade ao mes de marzo do ano seguinte (indicando se é simple, duplo ou triplo).
- Certificación literal de nacemento ou copia do libro de familia.
- Copia da sentenza xudicial en caso de custodia compartida.
- Copia da resolución xudicial en caso de adopción ou acollemento ou da resolución administrativa de acollemento permanente ou preadoptivo cando non fose expedida pola Xunta de Galiza.
- Copia da resolución administrativa de recoñecemento dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % dos fillos ou fillas menores de doce anos, de ser o caso, cando non fose expedida pola Xunta de Galiza.

A TER EN CONTA: A CONCESIÓN DA COMISIÓN NON GARANTE OBTEN DESTINO.

- A concesión da comisión por conciliación non garante a obtención de destino por esta modalidade, xa que isto vai depender das vacantes existentes e do propio perfil das prazas. É importante solicitar as prazas que realmente van supoñer unha mellora ao respecto do destino definitivo que temos ou ben, se temos destino provisional, do destino que poderíamos obter na adxudicación ordinaria, xa que no caso de obter destino en comisión de servizos non se poderá permutar provisionalmente.
- No caso do persoal interino e substituto o destino por conciliación só se obtería se lle corresponden prestar servizos en función do número de prazas ofertadas da especialidade e do número de orde na adxudicación.